

Área / Unidad CONTRATACION CT0000 AFR	Documento 43012I01QV	
Código de verificación  2516 5M6S 0743 1N6H 1AGB	Expediente 541/2018/56	
	Fecha 28-05-2018	

ACTA

Presidente

Alberto Lema Suárez (acctal.)

Vogais

María Hernández García (acctal.)

Martín González Rodríguez (acctal.)

Mónica Vales Rodríguez (acctal.)

Secretaria

Irene Louro Quintela (acctal.)

Na Biblioteca adscrita á Secretaría Xeral das Casas Consistoriais da cidade da Coruña, sendo as dez horas e dezaioito minutos do día oito de xuño de dous mil dezaioito, reúnese a Mesa de contratación cos asistentes que á marxe se reseñan, para abrir e cualificar os sobres que conteñen a documentación administrativa que presentan no tempo e na forma as empresas licitadoras ao procedemento aberto con varios criterios de adxudicación para **contratar o servizo de apoio técnico para o control da calidade do servizo de conservación e mantemento dos parques e xardíns da cidade da Coruña.**

A presidencia ordena a apertura dos sobres, e os membros da Mesa examinan os documentos presentados polas empresas licitadoras, que resultaron ser as seguintes:

Número un- UTE Conurma Ingenieros Conultores – Medio Ambiente Tercer Milenio Consultores

Número dous- Tysa, Estadística y Servicios, S.L.

Número tres- IN-CUBED Ingeniería, Innovación, Investigación, S.L.L. – **Excluida** por incumplir las normas de presentación de ofertas (presenta un único sobre: B Referencias Técnicas)

Número catro- Eptisa Servicios Ingeniería, S.L.

Número cinco- UTE Applus Norcontrol, S.L. – Brigantium Gestión, S.L.

Número seis- Inerproma Medioambiente, S.L.

Número sete- Eulen, S.A.

Número oito- UTE Investigación y Control de Calidad, S.A. (INCOSA) – Mediotec Consultores, S.A.

Número nove- UTE Pilot CCS, S.L. – Ampplio

Número dez- Tecnigral, S.L.

Número once- Zumain Ingenieros, S.L.

Número doce- UTE Atlantic Ponte 2000, S.L.U. – Xestión Medio Ambiente e Construcción (Xemacon)

Aos efectos previstos no art. 81 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento xeral da lei de contratos das administracións públicas, eu, a secretaria da Mesa de contratación, certifico neste acto que todas as empresas licitadoras presentan os documentos esixidos no prego de cláusulas administrativas particulares, agás a empresa que deseguido se desagregan:

Número nove- UTE Pilot CCS, S.L. – Ampplio que deberán subsanar a declaración responsable en canto os requisitos específicos de admisión, non consta o apartado “**dispoñer dunha oficina de traballo na zona**”, así como a **porcentaxe de cada unha das empresas na constitución da UTE.**

A Mesa acorda admitir as empresas licitadoras que se presentaron ao procedemento, menos as mencionadas, por achegar toda a documentación esixida, e publicar o resultado desta apertura na web municipal, perfil do contratante, de conformidade co previsto no prego de cláusulas administrativas particulares regulador do procedemento.

De acordo co art. 27 do RD 81/2009, a apertura dos sobres que conteñen as ofertas **técnicas** realizaránse en acto público no lugar e hora que se anunciará oportunamente no perfil do contratante da web municipal.

E sendo as dez horas e vinte e cinco minutos do día día ut supra indicado, dáse por rematado este acto e esténdese a presente acta, de cuxo contido eu, a secretaria accidental da Mesa, dou fe.